

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2006.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 30 de xaneiro de 2006 pola que se convoca un curso sobre o portal dos concellos de Galicia: Eidolocal: os servizos telemáticos entre a Administración local e a Xunta de Galicia, dirixido a persoal das corporacións locais da Comunidade Autónoma galega.

Dentro do plan de actividades da EGAP para o 2006, conforme as funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase un curso sobre o portal dos concellos de Galicia: Eidolocal: os servizos telemáticos entre a Administración local e a Xunta de Galicia, dirixido ao persoal das corporacións locais da Comunidade Autónoma galega, que deberá desenvolverse de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-Obxectivos.

Profundar na utilización dos servizos de tramitación electrónica dispoñibles na parte privada do Eidolocal: envío telemático de disposicións ao *Diario Oficial de Galicia* para a súa publicación, envíos de actas de xuntas de goberno, de acordos de plenos, de comisións e publicación de estatutos, tramitación electrónica de subvencións e doutros expedientes, etc. Repaso á utilización do resto das funcionalidades da zona privada do portal, como a xestión de usuarios e a posibilidade de introducir contidos no Eidolocal.

Segunda.-Destinatarios.

Persoal das corporacións locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira.-Desenvolvemento.

3.1. Número de edicións: 11.

3.2. Duración: 10 horas cada edición.

3.3. Lugares: 2 edicións en Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo e Pontevedra e 3 edicións en Ourense.

Santiago de Compostela: aula de informática do 2º andar da Escola Galega de Administración Pública, rúa Madrid, 2-4.

A Coruña: aula de informática do edificio administrativo de servizos múltiples, praza Luís Seoane, s/n.

Lugo: aula de informática do edificio administrativo. Baixo 2º. Ronda da Muralla, 70.

Ourense: aula de informática da Delegación Provincial de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Avda. da Habana, 79.

Pontevedra: aula de informática de la Delegación Provincial de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Rúa Benito Corbal, 47. Planta baixa.

3.4. Datas:

Santiago de Compostela:

1ª edición: 3 ao 6 de abril.

2ª edición: 8 ao 11 de maio.

A Coruña:

1ª edición: 17 ao 20 de abril.

2ª edición: 24 ao 27 de abril.

Lugo:

1ª edición: 27 ao 30 de marzo.

2ª edición: 3 ao 6 de abril.

Ourense:

1ª edición: 27 ao 30 de marzo.

2ª edición: 17 ao 20 de abril.

3ª edición: 2 ao 5 de maio.

Pontevedra:

1ª edición: 24 ao 27 de abril.

2ª edición: 8 ao 11 de maio.

3.5. Horarios: das 17.00 ás 19.30 horas.

3.6. Prazas: 10 por edición.

Cuarta.-Criterios de selección.

A selección dos participantes farase establecendo as seguintes prioridades:

1. Persoal das corporacións locais da comunidade autónoma, que pertenza a un concello actualmente adherido ao convenio de colaboración, asinado o 15 de febreiro de 1996, e á súa posterior addenda, asinada o 17 de setembro de 2001, entre a Consellería da Presidencia e Administración Pública, a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a implantación e desenvolvemento dos servizos informáticos e de telecomunicacións, o que permite o acceso aos servizos de consulta e xestión administrativa proporcionados polo portal.

No caso de que unha provincia ou en Santiago de Compostela o número de solicitantes supere o número de prazas ofertadas (20 para Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo e Pontevedra e 30 para Ourense), establecerase a seguinte prioridade:

a) Persoal dado de alta como usuario do Eidolocal que realiza ou realizará a través do portal algunha

das seguintes tarefas, establecéndose a preferencia en función da seguinte orde:

1. Envíos ao *Diario Oficial de Galicia*.
2. Tramitación electrónica de expedientes.
3. Envíos á Dirección Xeneral de Administración Local.
4. Xestión de usuarios.
5. Xestión de contidos.
6. Rexistro de E/S do Portelo Único da Xunta de Galicia.
7. Resto de usuarios.

Calquera destas funcións acreditaranse mediante certificación expedida polo alcalde do concello.

En caso de igualdade de condicións establecerase a preferencia en función da antigüidade de adhesión do seu concello ao convenio (data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* do comezo da actividade como Servizo de Portelo Único, do máis antigo ao máis recente), admitíndose, en principio, un representante por cada concello e en función do número de prazas: 2 representantes, 3, etc... ata cubrir todas as prazas.

b) Persoal dado de alta como usuario do Eidolocal. Establecerase a preferencia en función da antigüidade de adhesión do seu concello ao convenio (data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* do comezo da actividade como Servizo de Portelo Único, do máis antigo ao máis recente), admitíndose en principio un representante por cada concello e en función do número de prazas: 2 representantes, 3, etc... ata cubrir todas as prazas.

2. Persoal das corporacións locais da comunidade autónoma que pertenza a un concello que non estea adherido ao convenio anteriormente citado, pero que estea interesado no coñecemento da funcionalidade do portal.

No caso de que nunha provincia ou en Santiago de Compostela o número de solicitantes supere o número de prazas ofertadas (20 para Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo e Pontevedra e 30 para Ourense), establecerase a prioridade en función do especificado na Resolución do 11 de febreiro de 2004 pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades docentes da EGAP (DOG nº 34, do 18 de febreiro).

Unha vez efectuada a selección dos participantes, publicarase no taboleiro de anuncios da escola, nas páxinas web:

<http://egap.xunta.es/> e <http://www.eidolocal.es> e notificaráselles directamente aos admitidos.

Quinta.-Solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e rematará o día 24 de febreiro.

As solicitudes de admisión ao curso axustaranse ao modelo anexo a esta resolución, deberán forma-

lizarse todos as súas epígrafes e dirixiranse á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, San Caetano, s/n; 15704 Santiago de Compostela.

As instancias serán presentadas, xunto coa documentación xustificativa dos méritos alegados no rexistro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos das súas delegacións, nos rexistros de Portelo Único ou en calquera das oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Para axilizar a xestión e o control das solicitudes efectuadas, poderá facer a súa preinscrición adiantando a instancia, previamente rexistrada, por telefax 981 54 52 74. A dita preinscrición non exime do envío da instancia a través de calquera dos rexistros citados no parágrafo anterior.

Sexta.-Certificado de asistencia.

Outorgaráselles certificado de asistencia aos alumnos que participen con regularidade nos cursos e é obrigatoria a asistencia a todas as sesións. Toda inasistencia deberá ser xustificada convenientemente, sen que poida exceder en ningún caso do 15% das horas lectivas programadas.

Unha inasistencia superior ao 15% das horas lectivas programadas, aínda que sexa xustificada, impedirá a expedición do correspondente certificado.

Unha vez rematadas todas as edicións do curso, publicarase a lista das cualificacións obtidas polos participantes nas páxinas web: <http://egap.xunta.es/> e <http://www.eidolocal.es> e os diplomas-certificación de asistencia serán remitidos aos asistentes ao endezezo indicado na súa solicitude.

Sétima.-Modificacións.

O desenvolvemento dos cursos e o contido poderán ser modificados pola EGAP para adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

Oitava.-Contido.

O portal dos concellos de Galicia en Internet (Eidolocal). Principais opcións da zona pública. Opcións da zona privada: breve repaso do rexistro de entradas e saídas, xestión de usuarios, envíos telemáticos de anuncios ao DOG, envío de actas e estatutos á DXAL, tramitación electrónica de subvencións e xestión de contidos do portal por parte dos concellos. O certificado dixital: características, obtención, seguridade, utilización e renovación.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2006.

Antonio Izquierdo Escribano
Director da Escola Galega de Administración
Pública

4.- DATOS ACADÉMICOS			
Titulos	Centros	Duración	Data de expedición
Cursos realizados na EGAP			
5.- DECLARACIÓN-SOLICITUDE			
- Declaro baixo a miña responsabilidade que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que figuran na presente solicitude.			
- Solicito tomar parte no curso ou actividade de referencia.			
_____ de _____ de 2006 (Sinatura)			
Asdo.: _____			
6.- INFORME DO/A XEFE/A DO CENTRO DIRECTIVO			
Vista a solicitude e o interese para o servizo , emítese informe sobre a asistencia ao curso ou actividade solicitada			
<input type="checkbox"/> favorable			
<input type="checkbox"/> desfavorable			
_____ de _____ de 2006 (Sinatura e selo do órgano informante)			
Asdo.: _____			

DIRECTOR XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN DAS POLÍTICAS PÚBLICAS (Fax: 981545 274)
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
 Edificios administrativos, San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela

ANEXO

1.- CURSO OU ACTIVIDADE SOLICITADA									
Denominación									
Resolución da convocatoria									
Nº. DOG		Data da publicación							
Lugar de realización									
Datos		Horario							
2.- SOLICITANTE									
Apelidos									
Nome		DNI							
Enderezo particular: rúa, nº.		Localidade		Provincia		CP		Telf.	
Correo electrónico (habitual): _____ Telf. _____									
Usuario de envíos ao DOG, DXAL ou tramitación de expedientes: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>									
Usuario de rexistro de entradas e saídas do Portelo Único: Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/>									
(En caso afirmativo deberáse achegar certificación do alcalde/ presidente que o acredite)									
3.- DATOS ADMINISTRATIVOS									
Clase de persoal (func. event, inter, lab. fixo, lab. temporal, etc.,) _____ Corpo _____ Grupo/Categoría _____									
NRP		Data de ingreso no corpo		Data de ingreso na Admón.					
Posto de traballo: denominación _____ Nivel _____ Data de nomeamento _____									
Admón: autonómica/local/consellería ou entidade de portenza _____ Centro directivo _____									
Enderezo do posto de traballo: rúa, nº. _____ Localidade (provincia) _____ CP _____									
Teléfono		Telfax		Correo electrónico					
Breve descrición das tarefas do posto de traballo que teñan especial relación co obxecto do curso									

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 30 de xaneiro de 2006 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de tres postos de traballo vacantes nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, tres postos de traballo vacantes que se indican no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os funcionarios de carreira que reúnan as condicións que para os postos se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería do Medio Rural, nas súas delegacións provinciais ou en calquera das oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unir á súa solicitude un *curriculum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de resultaren seleccionados para ocupar os postos de traballo funcionarios con destino noutras administracións públicas, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o previsto no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e nas demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderán declararse desertos os postos de traballo, de considerarse oportuno.

Séptimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior radica na mesma localidade do novo destino, e dun mes, se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo do funcionario. Este prazo empezase a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I

Código do posto: MAC991020127001001.

Denominación do posto: xefe de Servizo de Defensa Contra Incendios.

Nivel: 28.

Complemento específico: 9.948,36 €.

Grupo: AB.

Corpo/escala: especial.

Adscrición AA.PP.: A11 (adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galiza, Estado e CC.AA.).

Formación: 640 (para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito imprescindible).

Dependencia: Delegación Provincial.

Localidade: Lugo.

Código do posto: MAC991010127001001.

Denominación do posto: xefe de Servizo de Montes e Industrias Forestais.

Nivel: 28.

Complemento específico: 9.948,36 €.

Grupo: AB.

Corpo/escala: especial.

Adscrición AA.PP.: A11 (adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galiza, Estado e CC.AA.).

Formación: 640 (para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito imprescindible).

Dependencia: Delegación Provincial.

Localidade: Lugo.

Código do posto: AGC991050127001002.

Denominación do posto: xefe de Servizo de Exploracións Agrarias.

Nivel: 28.

Complemento específico: 9.948,36 €.

Grupo: AB.

Corpo/escala: xeral/especial.

Adscrición AA.PP.: A11 (adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galiza, Estado e CC.AA.).

Formación: 640 (para persoal doutra administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito imprescindible).

Dependencia: Delegación Provincial.

Localidade: Lugo.